

Un
modelo
novo.

Un
modelo
mellor.

Novo sistema de **xestión e tratamento de residuos**

RESPONSÁBEIS
Pontevedra, máis para vivir mellor.



Concello
de Pontevedra

pre
zero



Novo modelo de **xestión e tratamento** **de residuos**

A posta en marcha do novo modelo de xestión e tratamento de residuos, supón para Pontevedra iniciar unha **etapa máis eficiente, moderna e sostíbel**, co obxectivo de que os residuos se transformen en recursos. Nada se perde, todo se reaproveita.

Co modelo de recollida, separación e reutilización de residuos, que se irá implantando de maneira progresiva nestes meses, Pontevedra avanza no cumprimento das lexislacións

ambientais e reforza o seu compromiso co medio ambiente.

O obxectivo é **reducir e reutilizar os residuos**. O que antes se desbotaba, agora transfórmase cun novo valor, contribuíndo á economía circular.

Todo é **novo**

Novo equipamento



Novos colectores na cidade e nas parroquias. Nas próximas semanas instalaranse 4.000 unidades.



Novas papeleiras.



Nova maquinaria e ferramentas eléctricas de uso diario para limpar o espazo público, como sopradoras, rozadoras, etc.

Novos vehículos



Pontevedra situarase na vangarda, xa que se van utilizar vehículos con menos emisións. O 52% da frota será eléctrica e o 41% funcionará con gas natural, reforzando deste xeito o compromiso ambiental.

Novos profesionais



Incorporarase máis persoal directo para mellorar a atención e dar unha resposta máis rápida ás necesidades diarias do servizo.

Novos servizos



Puntos limpos móbiles. As unidades estarán cada día nunha zona distinta, o que facilitará a recollida de produtos tecnolóxicos, cables, voluminosos...



Novos colectores para a recollida de pilas e aceite de cociña.



Novo sistema de recollida selectiva en zonas como o centro histórico, onde se instalarán illas emerxentes para a recollida con horarios de funcionamento específico.



Recollida comercial porta a porta. No centro histórico recolleranse todas as fraccións, e nos establecementos da zona urbana haberá recollida de papel, cartón, envases e biorresiduos.

Compostaxe



Deseño e construción da nova planta de compostaxe na Canicouva

Illas de compostaxe comunitaria. Pontevedra pasará de ter 36 a 100 unidades.

Lembra!

Cómpre facer as cousas ben, é unha **responsabilidade** de todas e todos.

A correcta separación dos residuos é fundamental para **coidar o medio ambiente e a nosa contorna**. Cada residuo ten o seu lugar. Depositá-lo no contedor ou punto que lle corresponda é un xesto moi sinxelo, pero facelo ben resulta esencial para mellorar a calidade de vida no noso concello e contribuír a un futuro máis sostible.

A lexislación nesta materia establece **normas concretas** para garantir a correcta xestión dos residuos e o **aproveitamento dos recursos** que se xeran a partir deles.

Non facer as cousas ben pode supoñer sancións para as persoas infractoras e -sobre todo- un dano para o medio ambiente e para a nosa convivencia.

Cumprir a normativa é unha mostra de civismo e respecto pola nosa contorna.

Entre todas e todos poderemos facer un concello máis responsábel e sostíbel. En Pontevedra somos un modelo neste sentido.

Continuemos por esa senda!

Normativa de referencia:

Ordenanza de xestión de residuos de competencia municipal do Concello de Pontevedra. Título III, Vixilancia, inspección, control e potestade sancionadora. BOP Pontevedra, 30-12-2024.



Concello
de Pontevedra



**Nos próximos meses
iremos debullando todas as novidades.**

Máis información en

residuos.pontevedra.gal